



CONTROL DE MARCAS MARINEDA-ADAS-RIAZOR

30 de XANEIRO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio dos Clubs de atletismo Marineda Atlético Adas O Barco, e Riazor Coruña, organiza o Control de marcas "Marineda- ADAS-Riazor" o **DOMINGO 30 de xaneiro de 2022, en xornada de mañá** no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que cumpran as seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola F.G.A. ó longo da tempada actual (2022) que pertencen a clubs galegos ou de outras CC.AA,
- Atletas da categoría **sub-10 en adiante, (os sub-10/12/14 nas probas indicadas expresamente)**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 25 de Xaneiro. **Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta.** Esta deberá ser aboada polos clubs antes do venres as 12:00 na conta XXXXX (a cal será comunicada coa listaxe de admitidos) A cantidade por club anunciarase coa última listaxe de admitidos (xoves 12:00) .

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o mércores 26 de xaneiro ás 20:00 e sempre coa autorización dos clubs patrocinadores e a dispoñibilidade de prazas libres.

Art. 3. **HORARIO PROVISIONAL** (PENDENTE DO PECHE DE INSCRICIÓN)

| HOMES | HORA | MULLERES |
|---|-------|---|
| LANZAMIENTO DE PESO (sub-10 en adiante) | 10:45 | LANZAMIENTO DE PESO (sub-10 en adiante) |
| 60 mv (sub-14) | | |
| SALTO LONXITUDE (sub-16 en adiante) | 10:55 | SALTO LONXITUDE (sub-16 en adiante) |
| 60 ml (sub-12) | | 60 mv (sub-14) |
| SALTO LONXITUDE (sub-10) | 11:05 | |
| SALTO ALTURA (1.10m) | 11:20 | SALTO LONXITUDE (sub-10) |
| 60 ml (sub-14) | 11:30 | 60 ml (sub-12) |
| | 11:35 | SALTO ALTURA (1.10m) |
| SALTO LONXITUDE (sub-12) | 11:50 | 60 ml (sub-14) |
| 60 ml (sub-16-absoluto) | 11:55 | SALTO LONXITUDE (sub-12) |
| | 12:05 | |
| SALTO ALTURA (1.30m) | 12:20 | 60 ml (sub-16-absoluto) |
| SALTO LONXITUDE (sub-14) | 12:30 | SALTO ALTURA (1.30m) |
| 50 ml (sub-10) | | SALTO LONXITUDE (sub-14) |
| | 12:40 | |
| 500m (sub-14) | 12:50 | 50 ml (sub-10) |
| | 13:10 | |
| TRIPLE SALTO | 13:15 | 500m (sub-14) |
| 500m (sub-10/12) | 13:20 | TRIPLE SALTO |
| | 13:25 | |
| 600m (sub-16) | 13:30 | 500m (sub-10-12) |
| | 13:35 | |
| 800m Abs | 13:40 | 600m (sub-16) |
| 1500m Abs | 13:45 | |



Art. 4. PARTICIPACIÓN: Terán prioridade na inscrición os atletas vencellados aos clubs patrocinadores e da cidade de Lugo. No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, da tempada 2021 e 2022. Entre os atletas inscritos sen marca farase un sorteo.

Darase preferencia aos atletas admitidos en só unha proba, en caso de facer máis dunha proba indicar no campo dorsal a orde de preferencia (non aplicable aos clubs organizadores).

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. .

Art. 6. Nas probas de carreiras indicárase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7. Nos concursos os atletas disporán de 4 tentativas.

Art. 8. Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso unha vez ensinen o certificado de vacinación ou declaración responsable (sub-10/12/14). Os atletas deberán abandonar a instalación (módulo), á maior brevidade posible, unha vez finalizada a súa participación.

Art. 9. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a sanción será de 3€ por atleta e proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (competicion@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art. 10. O **aceso ao módulo cuberto será restrinxido**, non estando permitido o aceso de público, por Protocolo Covid-19 a organización acreditará a 1 adestrador por cada 10 atletas que presente cada clube participante; deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. No módulo será obrigatorio permanecer coa mascarilla posta.

Art. 11. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 12. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 21 de xaneiro de 2022

COLABORA:

